



RECOMENDACIÓNS REFERENTES AO DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS DE ATENCIÓN XURÍDICO SOCIAL A PERSONAS CON TRASTORNOS MENTAIS E TRASTORNOS ADICTIVOS FINANCIADOS POLA CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA A PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DO COVID-19.

VERSIÓN 27 DE XANEIRO DE 2021

Ligazón:<https://coronavirus.sergas.es/Contidos/Saúde-Mental-e-Adicións>

Dentro do contexto epidemiolóxico, sanitario e de saúde pública actual, o desenvolvemento de programas de atención xurídico social a persoas con trastornos mentais e trastornos aditivos deberán levarse a cabo, tendo en conta o previsto no DECRETO 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. ante o COVID 19, e na ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

Tal e como o Decreto 8/2021 establece, estas medidas terán efecto entre as 00.00 horas do día 27 de xaneiro de 2021 e as 00.00 horas do día 17 de febreiro de 2021. En cumprimento dos principios de necesidade e de proporcionalidade, estas serán obxecto de seguimento e de avaliación continua co fin de garantir a súa adecuación á situación epidemiolóxica e sanitaria, para os efectos, de ser necesario, da súa modificación ou levantamento.

